

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 04 DE ABRIL DE 2012 (por traslado de sesión ordinaria
do 5 de abril de 2012, Xoves Santo).**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1^o.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: acta de 09-03-12, acta de 16-03-12, acta de 22-03-12.**
- 2^o.- **DAR CONTA DECRETOS.**
- 3^o.- **DECLARACIÓN RESPONSABLE DE LOCAL ASESORÍA A NOME DE MARTA REY CABALEIRO.**
- 4^o.- **DACION DE CONTA DE CONTRATO PRIVADO DE CUMPLIMENTO DE COMPRAVENTA DE FINCA E CASA EN TABOADA.**
- 5^o.- **DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO DE DATA 28 DE MARZO DE 2012 E REXISTRO DE ENTRADA N^o 1558.**
- 6^o.- **DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO DE DATA 29 DE MARZO DE 2012 E REXISTRO DE ENTRADA N^o 1590.**
- 7^o.- **CONVENIO DO PEIM (MEDIO RURAL).**
- 8^o.- **DAR CONTA DA SUBVENCIÓN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LIGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL POR IMPORTE DE 4235 EUROS**
- 9^o.- **EXPEDIENTES DE URBANISMO DA RELACION ADXUNTA:
- INFORME TECNICO . LÓPEZ NÚÑEZ, ISABEL E
MANUEL.**

**-LICENZA DE OBRA E PROVISIONAL DE ACTIVIDADE.
IGREXA CATÓLICA.**

- LICENZA DE ACTIVIDADE:

- PILAR CALVEIRO .
- Mª ANGELES ANSEMIL
- JOSE ANTONIO CALVEIRO

1º.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: acta de 09-03-12, acta de 16-03-12, acta de 22-03-12.-

Preséntase para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 09 de marzo de 2012.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 15 de marzo de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 22 de marzo de 2012

A Sra. Alcaldesa dí que se aproban por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar as actas da Xunta de Goberno Local que se detalla:


- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 09 de marzo de 2012.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 15 de marzo de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 22 de marzo de 2012

2º.- DAR CONTA DECRETOS.

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta dos seguintes Decretos:

2.1.- "DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Dº Martiño Novo Canda,



77.459.325-V., de data 23 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada n° 1413 de data 23 de marzo de 2012, en representación da ASOCIACIÓN COTO DO CASTELO DE GRABA, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

- 1º.- Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.
- 2º.- Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda do ASOCIACIÓN COTO DO CASTELO DE GRABA.

Silleda, a 27 de marzo de 2012

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo. Paula Fernández Pena

A SECRETARIA

(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 148 setembro)

Asdo. Cristina Alonso Losada"

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- "DECRETO DA ALCALDÍA


Vista a solicitude presentada por D° José Costa Requeijo, con DNI n° 76.807.302-K, de data 20 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada n° 1310 de data 20 de marzo de 2012, en representación da ASOCIACIÓN VECIÑAL DE MANDUAS (AVEMA), para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

- 1º.- Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.
- 2º.- Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de

Xunta de Goberno Local de 04 de Abril de 2012



Silleda da ASOCIACIÓN VECIÑAL DE MANDUAS (AVEMA)

Silleda, a 27 de marzo de 2012

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo. Paula Fernández Pena

A SECRETARIA

(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 148 setembro)

Asdo. Cristina Alonso Losada"

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- **DECLARACION RESPONSABLE DE LOCAL ASESORÍA A NOME DE MARTA REY CABALEIRO.**

A Alcaldesa da conta da declaración responsable de fecha 21 de marzo de 2012, presentada por Marta Rey Colmeiro, mediante escrito de data 21 de marzo de 2011, Rexistro de Entrada nº 1394 de data 23 de marzo de 2012, en relación a actividade de local Asesoría na Avda. do Parque, nº 33 entresolo 1 e 2 (Silleda), que se transcribe:

"MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE ANEXO I (ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL)


DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL: MARTA REY COLMEIRO
NIF/CIF / ou equivalente: 52.482.314

REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS:
NIF ou equivalente:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:
LOCALIDADE: AVENIDA DO PARQUE Nº 33 Entlo 1 y 2
PROVINCIA: PONTEVEDRA - ESPAÑA- 36540
PAIS: ESPAÑA
C. POSTAL: 36540
TEL. FIXO: 986.58.05.63
TEL. MÓBIL: 616.795.800
FAX:
CORREO ELECTRÓNICO: cesilleda@ceconsulting.es
NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:

Se desexa que o MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE SEXA MEDIANTE COMPARECENCIA NA SEDE ELECTRÓNICA desta Administración, indique o correo





electrónico e / ou o número de teléfono móbil onde desexa recibir un aviso para que acceda á sede e ao contido da notificación:

Correo electrónico: cesilleda@ceconsulting.es

Número de teléfono móbil (aviso vía SMS): 616.795.800

O interesado poderá, en calquera momento, revogar o seu consentimento para que as notificacións deixen de efectuarse por vía electrónica, en cuxo caso deberá comunicaro así ao órgano competente e indicar a dirección onde practicar as futuras notificacións,

TIPO DE ACTUACIÓN

X Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas NON SOMETIDAS Á AVALIACIÓN DA INCEDENCIA AMBIENTAL nin no Catálogo de Espectáculos Públicos. Actividades Recreativas e Establecementos Públicos da Comunidade Autónoma, de Galicia

___ Modificacións non substanciais das actividades sometidas a licenza municipal.

___ Modificacións substanciais das actividades sometidas a declaración responsable,

OBSERVACIÓNS:

DATOS DA ACTIVIDADE

DIRECCIÓN: AVENIDA DO PARQUE Nº 33 Entlo 1y2

LOCALIDADE: SILLEDA

PROVINCIA: C. POSTAL: PONTEVEDRA

TELÉFONO: 986.58.05.63

FAX:

CORREOELECTRÓNICO: cesilleda@ceconsulting.es

GRUPO IAE: 842

NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE: ASESORIA CE CONSULTING EMPRESARIAL - SILLEDA

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: ASESORÍA

DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Subraida a documentación que se anexa)

1. CON CARÁCTER XERAL AS SOLICITUDES DEBERÁN ACOMPAÑARSE DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) Acreditación da representación nos casos en que proceda.
- b) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento.
- c) Certificado técnico de cumprimento de normativa urbanística e técnica para aqueles locais que non contén con licenza de primeira utilización.

2. O DECLARANTE ASUME BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE NESTA DATA CONTA E DISPÓN DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN

- a) Licenza urbanística de obras no suposto de que a apertura da actividade sexa a realización delas. - **NON**



b) Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.

c) Proxecto Técnico, asinado por técnico competente e visado, se a actividade de que se trata o require e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores por ser das previstas polo artigo 2.2 da lei de Ordenación da Edificación, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.

d) No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, debera contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade, o establecemento e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación. - **NON**

e) Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate. - **NON**

3. OUTROS DOCUMENTOS

Esixidos pola lexislación sectorial que se anexan con carácter voluntario sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda no momento da comprobación ou da inspección da actividade: - **NON**

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O/A ABAIXO ASINANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ ACREDITAO, E: Que conta coa documentación que se establece como obrigatoria pola ordenanza municipal de apertura de actividades económicas non sometidas a avaliación da incidencia ambiental, así como coa documentación de aportación voluntaria.

Que o establecemento reúne as condicións establecidas no Código Técnico da Edificación, o Regulamento electrotécnico para Baixa Tensión, pola normativa de protección contra o ruído e

contra a contaminación acústica, pola lexislación reguladora sobre accesibilidade, pola lexislación reguladora dos vertidos á rede municipal de sumidoiros, e polas disposicións legais

e regulamentarias aplicables para que a actividade obxecto desta declaración poida ser exercida no referido emprazamento.

Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, a Alta na Declaración Censual (modelo


036 da Axencia Tributaria), e a correspondente inscrición da empresa na Seguridade Social e apertura de conta de cotización, ou se é o caso, Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Que presento u o Boletín de instalación eléctrica na Consellería competente.

Que conta con contrato de mantemento das instalacións de protección contra incendios, por empresa autorizada, en caso de ser legalmente esixible.

Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.

Que cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa para o exercicio da actividade incluída, no seu caso, a habilitación profesional de ASESOR



Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Que dispón de título posesorio que lexítima a ocupación do local ou establecemento.

Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Que COMUNICA que iniciará a actividade a partir do día (En caso de non indicar data, entenderase a partir do mesmo día da presentación).

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.")

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta declaración notificándollo á interesada.

4º.- **DACION DE CONTA DE CONTRATO PRIVADO DE CUMPLIMENTO DE COMPRAVENTA DE FINCA E CASA EN TABOADA.**

A Alcaldesa da conta da firma e pago do contrato privado según acordo de compra da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2012. Transcríbese o texto do contrato asinado:

"En Silleda, a 27 de marzo de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte, como compradora, Dona PAULA FERNÁNDEZ PENA, maior de idade, en posesión de DNI nº 76813151M, actuando en calidade de Alcaldesa-Presidenta del Concello de Silleda



Doutra parte, como vendedores, Don JOSÉ LUIS PÉREZ LAMAS, maior de idade, casado, veciño de Vigo, con domicilio en Avenida Camelias, 89- 3ºD con D.N.I. 76.780.570-F, e sua esposa Dona MARIA JESUS ARTOLA GOICOECHEA, de igual vecindade e domicilio que o anterior


ACORDAN

A Alcaldesa de Silleda, na representación que ostenta, manifesta a vontade de adquirir para o Concello de Silleda, o inmovible que a continuación se describe; e o matrimonio formado por Don José Luís Pérez Lamas e Dona María Jesús Artola Goicoechea, ambos no seu propio nome, manifestan a súa vontade de vender o referido inmovible, polo que tralos trámites preceptivos que constan no expediente, levan a efecto o presente contrato de compraventa, baixo as seguintes

ESTIPULACIONES

- I. Don José Luis Pérez Lamas e dona María Jesús Artola Goicoechea, son propietarios un terreo inculto ao sitio de Taboada Vella, dunhas cinco áreas de extensión, que linda: Norte, Sur y Este, con camiño; e Oeste con Mariano Salgado. En esta finca existen as paredes dunha edificación en ruínas; consta escriturada e libre de cargas e gravámenes, ao corrente de pago de contribucións e impostos. O referido inmovible está inscrito no Rexistro da Propiedade de Lalín, ao Tomo 642 Libro 183 do Concello de Silleda. Folio 50. Finca 31.590*
- II. En este acto, o comprador, na representación que ostenta, toma posesión do inmovible adquirido por compraventa, libre de todo ocupante, á súa total satisfacción.*
- III. O precio estipulado do inmovible é de 6.000 euros.*
- IV. Neste mesmo acto o comprador, na representación que ostenta, entrega ao vendedor a cantidade correspondiente ao precio, satisfacendo así a obligación pecuniaria, y servindo o presente como carta de pago.*
- V. O vendedores obliganse á evicción e saneamento de esta venta conforme a dereito*
- VI. Os gastos que derivan do presente contrato serán de cuenta do comprador*
- VII. Polo presente o comprador subrógase en todos aqueles dereitos que lle corresponden ao vendedor.*
- VIII. Ambas partes se comprometen a elevar este documento a escritura pública dende o momento que unha delas o solicitase.*

Y para que conste e surta os efectos oportunos, firman os comparecetes o presente contrato en duplicado exemplar, no lugar e data do encabeza mento.



Dona PAULA FERNÁNDEZ PENA
ALCALDESA.

Don JOSÉ LUIS PÉREZ LAMAS
Dona MARÍA JESÚS ARTOLA GOICOECHEA"

A Xunta de Goberno Local queda enterada

5º.- **DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO DE DATA 14 DE MARZO DE 2012 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1558 de 28.03.12).**

A Alcaldesa da conta do escrito remitido polo Conselleiro Delegado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, de 14 de marzo de 2012, **sobre roza e limpeza dos Camiños de Santiago**, (Rexistro de Saida da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo do 23 de marzo de 2012, nº 104, Rexistro de Entrada no Concello nº 1558, de data 28 de marzo de 2012), que transcríbese a continuación:


"*Estimado Sr. Alcalde:*

Iniciada a andaina deste ano 2012 e habida conta das dificultades económicas que estamos atravesando queremos solicitar a súa comprensión ao notificarlles que o procedemento de ROZA E LIMPEZA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO: relativo ao paso do Camiño Vía da Prata polo seu Concello, que ata agora viñan realizando vostedes a través do Convenio asinado coa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, vaise realizar mediante licitación pública aberta ás empresas do sector durante os meses de alta actividade biolóxica, é dicir entre maio e outubro, de tal modo que, e tras os correspondentes estudos técnicos económicos, conseguiremos un aforro de aproximadamente un 40%, mantendo a calidade do servizo de modo global entre todos os Camiños.

Quero recordar que as labores de ROZA e LIMPEZA refírese a traballos de desbroce de zarzas, maleza e eliminación selectiva e manual dos excesos de vexetación nos laterais do Camiño, así como a limpeza dos restos producidos por ditas labores e/o refugallos que o peregrino ou usuario do Camiño puidesen deixar por despiste, accidente ou desidia; en NINGÚN CASO a eliminación de vertedoiros incontrolados (electrodomésticos, colchóns, etc) xerados por algún/os desaprensivo/s."

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar traslado deste escrito o concelleiro da área correspondente para preparación.

6º.- **DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO DE DATA 27 DE MARZO DE 2012 (REXISTRO DE ENTRADA Nº 1590 de 29.03.12).**



A Alcaldesa da conta do escrito remitido polo Conselleiro Delegado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, de 27 de marzo de 2012, sobre **plantación de árbores ao longo dos Camiños de Santiago**, (Rexistro de Saida da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo do 27 de marzo de 2012, nº 131, Rexistro de Entrada no Concello nº 1590, de data 29 de marzo de 2012), que transcribese a continuación:

*“Ante a posibilidade de asinar convenios con entidades privadas para a **plantación de árbores ao longo dos Camiños de Santiago** e a efectos de dispoñer dun maior número de posibilidades, solicitámoslle algunha **posible localización** na contorna do Camiño de Santiago a seu paso polo territorio pertencente ao seu Concello onde se poda realizar a antedita intervención.*

*O prazo para a presentación de la documentación solicitada remata o día **30 de abril de 2012**, para que a elección dos lugares propostos por vostedes e a posterior sinatura do correspondente convenio poda levarse a cabo a maior brevidade.*

*Indicarlle tamén que habida conta de que o trazado fisco do Camiño non dispón habitualmente de espazo público a súa beira deberán indicarnos aqueles lugares onde se dispoña de posibilidades reais para acometer a antedita acción coa correspondente **dispoñibilidade de terreos**.*

*Tamén queremos indicarlle que non deixen de lado a posibilidade de **recuperar ambientalmente** por medio de plantación todos aqueles puntos onde as grandes infraestruturas públicas (A.V.E., autoestradas ...) afecten ao paso do Camiño de Santiago e a súa contorna no seu Concello.*


Así messmo lles rogamos nos faciliten xunto coa solicitude a maior documentación gráfica posible.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar traslado deste escrito ós concelleiros daas áreas correspondentes para preparar.

7º.- CONVENIO DO PEIM (MEDIO RURAL).

Polo Concelleiro Manuel Cuiña Fernández dase conta e explica este asunto en relación co anterior acordo de solicitude efectuado pola Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2012.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes**



acorda:

Visto o escrito de data 28 de marzo de 2012 remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural - Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar, (Rexistro de Saída da Consellería nº 13.371 de data 28 de marzo de 2012), comunicando que ten previsto asumir a execución dentro do Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-Rural) e por un importe aproximado de 106.643,70 € as obras de:

- Camiño Riobó
- Camiño Mazarelos
- Camiño Condao
- Camiño Sante
- Camiño Casas do Monte
- Camiño O Barro
- Camiño Breixa
- Camiño Chapa
- Camiño Lamela
- Camiño Cuiña
- Camiño Margaride
- Camiño Os Chaos


Polo tanto:

1º.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

O Concello de Silleda ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM-Rural) consistentes en Riobó, Mazarelos, Condao, Sante, Casas do Monte, O Barro, Breixa, Chapa, Lamela, Cuiña, Margaride e Os Chaos.

Manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réximen de cooperación e comprométese a:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para anormal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.



- Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto, neste caso a Alcaldesa.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72 p1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
 - a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución.
 - b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.


2º.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Que segundo obra na documentación deste Concello, dispense dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto técnico das obras incluídas no PEIM RURAL DO ANO 2012

- | | | |
|----------|------------------|------------|
| - Riobó | - Mazarelos | - Condado |
| - Sante | - Casas do Monte | - O Barro |
| - Breixa | - Chapa | - Lamela |
| - Cuiña | - Margaride | - Os Chaos |

Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística.

8º.- DAR CONTA DA SUBVENCIÓN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL.





POR IMPORTE DE 4235 EUROS.

A Alcaldesa da conta do escrito remitido pola Xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 28 de marzo de 2012, relativo o expediente nº ED115A 2012/97-0, (Rexistro de Saida da Secretaría Xeral do 29 de marzo de 2012, nº 615, Rexistro de Entrada no Concello nº 1647, de data 02 de abril de 2012), que transcríbese a continuación:

“Nº EXPEDIENTE: ED115A 2012/97-0

Estudada a súa solicitude, presentada ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2011 (DOG nº 3 do 4 de xaneiro de 2012), pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, comunícolle que o secretario xeral de Política Lingüística

RESOLVEU concederlle unha subvención por un importe de 4.235,00 euros, para:

ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL


De renunciar a esa axuda terá que comunicar esta circunstancia no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución no DOG (artigo 16). No caso de aceptar a subvención, a xustificación deberá axustarse ao estipulado no artigo 17 da convocatoria.

A data límite para remitir os xustificantes é o día 15 de outubro de 2012

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resalto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición..”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

9º.- **EXPEDIENTES DE URBANISMO DA RELACION ADXUNTA:**



9.1.- LICENZA DE OBRA E PROVISIONAL DE ACTIVIDADE. IGREXA CATÓLICA.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:


Licencia N° 4877/09. Visto o expediente instruído a instancia de D° Ramón Fernández Boullosa, en representación da PARROQUIA DE STA. MARÍA DE CORTEGADA, solicitando Licencia para ampliación de seis sepulturas en panteón aéreo, a situar no cemiterio parroquial de Santa María de Cortegada, parroquia do Cortegada (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico D° Oscar Botana Pérez, visado polo Colexio Oficial en data 08 de xaneiro de 2010.

RESULTANDO: Que recibido escrito da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Turismo, de data 21 de febreiro de 2011, Rexistro de Saída da Consellería n° 4871, de data 22 de febreiro de 2011 con Entrada no Concello n° 846, de data 01 de marzo de 2011, no que notificase resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, de data 21 de febreiro de 2011, N° Expte. 2011/055 que literalmente dí:

**"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE AMPLIACIÓN
DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA MARIA DE CORTEGADA, NO
CONCELLO DE SILLEDA.**

ANTECEDENTES

- 1 *Ramón Fernández Boullosa e outros solicitou autorización para a realización de obras de ampliación do Cemiterio Parroquial de Santa María de Cortegada, situado no Concello de Silleda.*
- 2 *As obras propostas consisten na construción dun corpo de 6 nichos (2 x 3). Os novos nichos sitúanse a continuación dos existentes sobre a parcela anexa e manteñen a mesma cota de coroación de cuberta. Respecto dos acabados proponse manter a estética dos panteóns existentes para non desvirtuar o conxunto, fachada acabada en granito pulido. Tamén se recolle no proxecto a mellora da estética de toda a fachada posterior do cemiterio, que na actualidade está moi deteriorada, cos muros dos nichos en cemento á vista.*
- 3 *A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura e Turismo en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión*



ordinaria o día 10 de febreiro de 2011, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.*
- 2 Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*
- 3 Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.*
- 4 A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo,

RESOLVO


Autorizar a intervención solicitada coa condición de que o acabado exterior dos frontes dos novos nichos se realice con granito claro abuxardado.

Esta resolución dítase sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Notifíquese esta resolución aos interesados no procedemento, en cumprimento, e para os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común".

RESULTANDO: Que recibido escrito do Departamento Territorial de Pontevedra -Servizo de Urbanismo- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 16 de marzo de 2011, Rexistro de Saída da Consellería nº 36121, de data 17 de marzo de 2011 con Entrada no Concello nº 1147, de data 18 de



marzo de 2011, no que notificase resolución da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 15 de marzo de 2011 que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DO 15 DE MARZO DE 2011 SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN SOLO RÚSTICO PARA AMPLIACION DO CEMITERIO PARROQUIAL DE CORTEGADA DO CONCELLO DE SILLEDA (EXPDTE 10/074).

Examinada a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG en adiante), e á vista dos informes do Servizo de Urbanismo de Pontevedra que constan no expediente, resulta:

ANTECEDENTES

Ramón Fernández Boullosa e Antonio Rozados Presas, en representación do Bispado de Lugo da Igrexa Católica, solicita autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico para a ampliación do cemiterio parroquial de Cortegada, no lugar de Cortegada, concello de Silleda.

O anteproxecto está redactado pola arquitecto técnico Oscar Botana Pérez, visado polo colexio profesional o 8 de xaneiro de 2010.


A ampliación do cemiterio consiste na construción dun panteón de dúas filas verticais de tres nichos e un cenicero cada un, en continuación e formando corpo cos existentes, cunha superficie total de 6,30 m².

A referencia catastral da parcela é 36052R501003010000QD e mide 28.206 m².

Consta autorización de 21 de febreiro de 2011 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Consta no expediente documento no que o promotor se compromete a corrixir as repercusións que produza a implantación das actuacións solicitadas na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes, e a prestar as garantías que lle sexan esixidas pola Administración, e facer constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica, de conformidade co establecido no artigo 42.1. a) e e) da LOUG.

En data 20 de agosto de 2010 o concello de Silleda remitiu o expediente



administrativo municipal no que constan:

- *Certificación de data 22 de marzo de 2010, expedida pola secretaria do Concello, acreditativa da realización do trámite de información pública, na que consta que non se presentaron alegacións.*
- *Copia do anuncio publicado no xornal "Faro de Vigo" o día 13 de febreiro de 2010.*
- *Informe do asesor técnico de data 20 de maio de 2010.*
- *Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2010.*

FUNDAMENTOS XURIDICOS


1. O planeamento vixente no concello de Silleda é o Plan xeral de ordenación municipal, aprobado definitivamente en data 4 de xuño de 1981. Segundo este, a parcela obxecto da actuación está clasificada como solo non urbanizable normal.

2. Segundo a Disposición transitoria 1ª.1.f) da LOUG, ao solo rústico clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas no planeamento vixente. De conformidade co establecido no artigo 32 da LOUG, á parcela correspóndelle a categoría de solo rústico de protección ordinaria.

3. O artigo 31 da LOUG recolle o principio xeral de que os propietarios de solo rústico terán dereito a usar, gozar e dispoñer deles de conformidade coa natureza e co destino rústico daqueles e co disposto na súa lexislación sectorial, polo que deberán destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais ou a outros usos vinculados á utilización racional de recursos naturais dentro dos límites que, de ser o caso e por esta orde, establezan a lexislación sectorial aplicable, esta lei o planeamento urbanístico e os instrumentos de ordenación do territorio. E tamén deberán solicitar autorización da Comunidade Autónoma nos casos previstos nesta lei e a oportuna licenza municipal para o exercicio das actividades previstas no artigo 33 da mesma.

4. A actuación proposta é un uso autorizable en solo rústico de protección ordinaria, de conformidade co disposto no artigo 33.2.g) da LOUG en relación co artigo 36 da mesma, como construción e instalación para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son os cemiterios. E cumpre as condicións xerais e de edificación que para os cemiterios se establecen nos artigos 42 e 44 da LOUG, tras a redacción dada pola Lei 2/2010

Daquela a actuación proposta é autorizable.



5. A competencia para resolver as solicitudes de autorización autonómica en solo rústico correspóndelle á secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co disposto no artigo 41.2.e) da LOUG, en relación co establecido no Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Á vista do exposto, **RESOLVO:**

CONCEDER a Ramón Fernández Boullosa e Antonio Rozados Presas, como representante do Bispado de Lugo da Igrexa Católica, autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades construtivas en solo rústico, co obxecto de ampliar o cemiterio parroquial de Cortegada, no lugar de Cortegada, concello de Silleda, nunha parcela coa referencia catastral 36052R501003010000QD, segundo anteproxecto redactado polo arquitecto técnico Oscar Botana Perez e visado polo colexio profesional o 8 de xaneiro de 2010, coas seguintes condicións:

1. De conformidade co disposto no artigo 42.1.e) da LOUG, farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as seguintes limitacións ao uso e edificabilidade:

- Superficie da parcela: 28.206 m².
- USO autorizado: ampliación cemiterio.

2. A presente autorización outorgase sen prexuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións legais.

3. Deberán terse en conta a condición reflectida na resolución do 21 de febreiro de 2010, do Director xeral de Patrimonio Cultural.”

RESULTANDO: Que recibido escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade -delegación Territorial de Pontevedra-, de data 16 de marzo de 2012, Rexistro de Saída da Consellería nº 43942, de data 20 de marzo de 2012 con Entrada no Concello nº 1376, de data 22 de marzo de 2012, notifica resolución que literalmente dí:

“Esta Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, á vista do informa favorable emitido polos técnicos de Sanidade Ambiental desta Xefatura Territorial; **RESOLVE INFORMAR FAVORABLEMENTE** o seu proxecto. **Unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta delegación co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.**”



RESULTANDO: Que con data 27 de marzo de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 27 de marzo de 2012.


RESULTANDO: Que con data 27 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	Fernández Bullosa Ramón e/r. PARROQUIA de Sta. MARÍA de CORTEGADA		
<i>Data da solicitude</i>	40098		
<i>Nº de rexistro</i>	4877		
<i>Obra</i>	Ampliación de seis sepulturas en panteón aéreo.		
<i>Emprazamento</i>	Cemiterio de Santa María de Cortegada		
<i>Referencia Catastral</i>	36052R501003010000QD		
<i>Autor do Proxecto</i>	Oscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA-522		
<i>Proxecto</i>	Visado polo C.O.A.A.T. Pontevedra o 8.01.2010		
<i>Dirección de Obra</i>	Oscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA-522		
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo C.O.A.A.T. Pontevedra o 8.01.2010		
<i>Exposición pública</i>	Si	<u>BOP</u>	
		<u>DOGA</u>	
		<u>Prensa Faro de Vigo</u>	<u>13/02/2010</u>
<i>Orzamento</i>	4.729,79 €		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo




- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

- 1 Solicitud (RE nº 4877 do 13 de Octubre de 2009).
- 2 3 Proxectos de Execución visados en data 8 de xaneiro de 2010.
- 3 Publicación en prensa da actuación solicitada (Faro de Vigo. 13 de febreiro de 2010).
- 4 Certificación da Secretaría de data do Concello 22.MAR.2010, de que non houbo reclamacións no período de exposición pública.





INFORME TÉCNICO:

5 O solo onde se pretende ampliar o cemiterio, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO NON URBANIZABLE segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

- Ordenanza/Norma de aplicación: Ordenanza SNU/N: SOLO NON URBANIZABLE NORMAL do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e na Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

De acordo co establecido na citada Lei, rexen as determinacións aplicables ó Solo Rústico de Protección Ordinaria.


6 No artigo 33.2.g), reflíctense como usos en solo rústico as: "Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios,". Dito uso determinase como autorizable pola Comunidade Autónoma no artigo 36.2.

7 Polo que respecta ás condicións xerais das edificacións no solo rústico, definidas no artigo 42 da citada Lei, preséntase por parte do solicitante documentación acreditativa (certificación catastral) da superficie dunha parcela que suma 28.206,00 m² de superficie, polo que o parámetro de ocupación da parcela se sitúa no 0,094%. No que se refire ós recuamentos, a documentación aportada determina a súa adecuación ó referido no citado artigo.

8 Canto á prelación de licenzaas ou outras autorizacións que establece o artigo 196 LOUGA, que se indicaban no informe asinado polo facultativo que subscribe o día 20 de maio de 2010, no expediente constaan as seguintes:

8.1 Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza a realización de obras de ampliación do cemiterio parroquial de Santa María de Cortegada, no Concello de Silleda. (R.E. n.º 846 de 1/03/2011). A citada resolución establece a condición de que "O acabado exterior dos frontes dos novos nichos se realice con granito claro abuxardado".

8.2 Resolución do 15 de marzo de 2011 sobre a solicitude de autorización da comunidade autónoma en solo rústico para ampliación do cemiterio parroquial de Cortegada do Concello de Silleda (R.E. n.º 1147 de 18/3/2011).



8.3 Notificación favorable a proxecto da Delegación Territorial da Consellería de Sanidade (R.E. nº 1376 de 22/3/2012); na que se indica que "Unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta Delegación co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento".

Por todo o indicado, e tendo en conta os informes sectoriais sinalados no punto 8 deste informe, visto que se dá cumprimento á normativa urbanística, *INFÓRMASE FAVORABLEMENTE* a solicitude para a concesión de licenzia municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás indicacións sinaladas nos informes sectoriais citados (punto 8.1 do informe)."


A Xunta de Goberno Local, **acorda** a concesión da **licenzia de obra solicitada, e a licenzia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o Departamento Territorial de Pontevedra Servizo de Urbanismo e a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia.

9.2.- INFORME TECNICO . LÓPEZ NÚÑEZ, ISABEL E MANUEL.

Visto que por **D^a Isabel López Núñez e D^o Manuel López Nuñez**, preséntase escrito de data 21 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 1420, de data 26 de marzo de 2012, solicitando certificación de que non existe na actualidade ningún expediente urbanístico sancionador sobre vivenda unifamiliar composta de planta semisótano e planta baixa, sita no número 5 do lugar de Cascaxide, parroquia de Escuadro (Silleda).

Visto que con data 28 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, segundo o contido do citado informe técnico do Arquitecto asesor do Concello, por unanimidade dos presentes *acorda*:**





Solicitante	Dona Isabel López Núñez e Don Manuel López Núñez		
Data de rexistro	26/03/2012	Nº 1420	Data escrito 26/23/2012
Emprazamento	Cascaxide, nº 5 - Escuadro, (Silleda)		
Referencia Catastral	K0040200000000001FQ		

No que literalmente consta:

EXPONEN Que son propietarios de una parcela en la que se ubica una edificación destinada a vivienda unifamiliar compuesta de planta semisótano, y planta baja, sita en el número 5 del Lugar de Cascaxide, Parroquia de Escuadro, Ayuntamiento de Silleda.


Que a efectos de realización de la Escritura de Declaración de Obra Nueva de dicha edificación, y acceso al Registro, resulta necesaria la aportación de certificación municipal de la no existencia de expediente urbanístico sancionador sobre la citada edificación. Es por lo que a V.I

SOLICITA: Que previos los trámites e informes que considere necesarios me sea expedida dicha certificación.

Visto o escrito de solicitude, e a totalidade da documentación que se xunta coa mesma, efectuada búsqueda no Departamento Técnico de Urbanismo a nome de Dona ISABEL LOPEZ NUÑEZ e Don MAMUEL LOPEZ NUÑEZ, INFORMO o seguinte:

1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún, a nome dos titulares, Dona ISABEL LOPEZ NUÑEZ e Don MAMUEL LOPEZ NUÑEZ, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar, situada no lugar de Cascaxide, nº 5, parroquia de Escuadro - Silleda, con referencia Catastral nº K0040200000000001FQ. Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, e asinado polo Arquitecto Técnico Don José Pereiras Sánchez, do día 21 de



Marzo de 2012, a edificación de R.C. K00402000000000001FQ, tén unha antigüidade superior os 35 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Notifícanse as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

9.3.- LICENZA DE ACTIVIDADE:

9.3.1.- PILAR CALVEIRO .

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**


Licencia Nº 2007/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dª PILAR CALVEIRO MOREIRA, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro en explotación de gando vacún de leite, a situar no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda)

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de setembro de 2007 acorda:

“5.2.1.- Licencia Nº 2007/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dª PILAR CALVEIRO MOREIRA, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro en explotación de gando vacún de leite, a situar no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de agosto de 2007, (Rexistro de Entrada nº 4134, de data 13 de setembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade




como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportarase un certificado polo técnico responsable que acredite a estanqueidade e impermeabilidade das fosas de xurro, a cal deberá estar cuberta e cercada evitando así o acceso a persoas alleas. Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A auga de abastecemento procedente de pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o RD legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 24 de xullo de 2007 (Rexistro de Entrada nº 3512, de data 03 de agosto de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: JOSE CALVEIRO ALCOBRE (pai da solicitante)
- superficie do predio: 18.330 m².
- referencia catastral: 36052A059004160000KA
- uso autorizado: fosa de xurro
- superficie edificable: 56 m²
- ocupación: -----
- altura máxima: 1,00 m sobre a rasante do terreo
- distancia a linderos: 75,00 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas



Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 27 de marzo de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Pilar Calveiro Moreira, que literalmente dí:


“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Construcción dunha fosa de xurro en explotación de gando vacún de leite no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda)".

Calificación: Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 4134 de data 13-setembro-2007) a actividade calificase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.42.

Certificación Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Ramón Moreira Garcia, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 15-Outubro-2007, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 21 de outubro de 2007, nº 1731/07 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDADA:

Data: 24-outubro-2007.
Núm. de registro: 6918





Titular da actividade: PILAR CALVEIRO MOREIRA.

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:30 horas do día 23 de Marzo do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda), en presenza de Dona Pilar Calveiro Moreira, con D.N.I. 76.808.141-D, e efectua a visita de comprobación demandada pola interesada en data 24-outubro-2007 e referida á licencia municipal nº 2007/06 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 21-setembro-2007.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e CERTIFICADO DE ESTANQUEIDADE E IMPERMEABILIDADE DA FOSA DE PURINES, asinado polo técnico Don. Ramón Moreira García e visado.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Construcción dunha fosa de xurro en explotación de gando vacún de leite no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda)."


A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a PILAR CALVEIRO MOREIRA, para a actividade de construción dunha fosa de xurro en explotación de gando vacún de leite, a situar no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda).

9.3.2.- Mª ANGELES ANSEMIL

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia Nº 7291/07. Visto o expediente instruído a instancia de GANDERÍA CLAM, S.L., solicitando Licencia de actividade para ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca con referencia catastral 36052A21002270000DK, no lugar de Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda)

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de setembro de 2009 acorda:



“4.2.8.- Licencia N° 7291/07. Visto o expediente instruído a instancia de GANDERÍA CLAM, S.L., solicitando Licencia de actividade para ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca con referencia catastral 36052A21002270000DK, no lugar de Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal


RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de marzo de 2009, (Rexistro de Entrada n° 1697, de data 16 de abril de 2009) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva CD 012.42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas serán estancas, cubertas e impermeables, con capacidade suficiente para o almacenamento durante 3 meses do xurro, en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. O técnico responsable, acreditará previa licenza, a estanquidade e impermeabilidade das fosas de xurro. A auga de abastecemento procedente do pozo contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo ademais haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia. Os residuos que se xeren durante a actividade se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o “RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, e o “RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas”.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu



informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 27 de marzo de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, M^a Ángeles Ansemil Moreira (en representación de GANADERÍA CLAM, S.L.), que literalmente di

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EJERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: *"Ampliación de estabulación de gando vacún de leite a situar na parcela con referencia catastral 36052W502002270000JB, nas proximidades do lugar de Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda)".*

Calificación: *Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello n^o 1697 de data 16-Abril-2009) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.42.*

Certificación *Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 04-novembro-2009, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 10 de novembro de 2009, n^o 1428/09 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:*

Data: 16-novembro-2009.

Núm. de rexistro: 5542

Titular da actividade: *MARIA ANGELES ANSEMIL MOREIRA, en representación de "GANADERIA CLAM S.L."*

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:00 horas do día 27 de Marzo do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, no parcela con referencia catastral 36052W502002270000JB, no lugar de

Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda), en presenza de Dona María Angeles Ansemil Moreira, con D.N.I. 35.316.571-W, e efectua a visita de comprobación demandada pola interesada en data 16-novembro-2009 e referida á licencia municipal nº 7291/07 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 10-setembro-2009.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e CERTIFICADO DE ESTANQUEIDADE E IPERMEABILIDADE DA FOSA DE PURINES, asinado polo técnico Don. Francisco Pérez Donsión e visado.

A continuación examínase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Ampliación de estabulación de gando vacún de leite a situar na parcela con referencia catastral 36052W502002270000JB, no lugar de Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a GANDERÍA CLAM, S.L., para ampliación de estabulación de gando vacún de leite, a situar na finca con referencia catastral 36052A21002270000DK, no lugar de Castromonde, parroquia de Piñeiro (Silleda).

9.3.3.- JOSE ANTONIO CALVEIRO

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia Nº 2851/05. Visto o expediente instruído a instancia de JOSÉ ANTONIO CALVEIRO NOVO, solicitando Licencia de actividade para reforma de nave cebadeiro porcino, a situar nas fincas nº 267 e 268, polígono 3, chamadas Barbedo situadas nas proximidades do lugar de A Cruz, parroquia de Cira, Silleda.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 3 de agosto de 2007 acorda:

"5.3.1.- Licencia Nº 2851/05. Visto o expediente instruído a instancia de JOSÉ ANTONIO CALVEIRO NOVO, solicitando Licencia de actividade para reforma de nave cebadeiro porcino, a situar nas fincas nº 267 e 268, polígono 3,

chamadas Barbedo situadas nas proximidades do lugar de A Cruz, parroquia de Cira, Silleda.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 8 de xuño de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2763, de data 20 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e noviva, e dende o punto de vista ambiental, condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Previo ao autorgamento da licenza de actividade a explotación estará en poder do informe favorable do xefe local de sanidade.*
 - As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir verteduras directas ou indirectas ao medio natural.*
 - Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendente á súa tipoloxía.*
 - Cumpriránse os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.*
 - A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu



informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 27 de marzo de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, José Antonio Calveiro Novo, que literalmente dí

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: "Reforma dunha nave dun cebadeiro de gando porcino nas parcelas números 267 e 268, polígono 3, chamadas Barbedo, situadas nas proximidades do lugar da Cruz, parroquia de Cira (Silleda)".

Calificación: Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 2763 de data 20-Xuño-2007) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.43.


Certificación Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 18-maio-2007, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 25 de Xuño de 2007, nº 1125/07 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

Data: 25-outubro-2007.

Núm. de registro: 6936

Titular da actividade: JOSE ANTONIO CALVEIRO NOVO.

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 11:30 horas do día 23 de Marzo do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose nas parcelas números 267 e 268, polígono 3, chamadas Barbedo, situadas nas proximidades do lugar da Cruz, parroquia de Cira (Silleda) en



presencia de Don José Antonio Calveiro Novo, con D.N.I. 76.818.228-E, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 25-Outubro-2007 e referida á licencia municipal nº 2851/05 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 03-agosto-2007.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS, asinado polo técnico Don. Francisco Pérez Donsión e visado.

A continuación examinase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Reforma dunha nave dun cebadeiro de gando porcino nas parcelas números 267 e 268, polígono 3, chamadas Barbedo, situadas nas proximidades do lugar da Cruz, parroquia de Cira (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a JOSÉ ANTONIO CALVEIRO NOVO, para reforma de nave cebadeiro porcino, a situar nas fincas nº 267 e 268 , polígo 3, chamadas Barbedo situadas nas proximidades do lugar de A Cruz, parroquia de Cira, Silleda.


ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.- Escrito de Don Carlos Rey Domínguez sobre obras na finca 642, polígono 506 na parroquia de Piñeiro (Silleda).

Visto o escrito presentado por Don Carlos Rey Domínguez, de data 08 de marzo de 2012, Rexistro de Entrada nº 1234, de data 15 de marzo de 2012, que literalmente dí:

"D. Carlos Rey Domínguez, con NIF nº 33225829-Y, domiciliado en Basteiros, nº 10, Piñeiro, Silleda, ante esta administración comparezco y DIGO:



Que en fecha 27 de febrero del corriente recibe notificación de dicha administración en relación al informe de la Policía Local nº 73/12 sobre realización de obra sin licencia en finca nº 642 del polígono 506, zona 7, parroquia de Piñeiro, en la que se me concede el plazo de un mes a efectos de recurrir en reposición. Visto lo expuesto por la administración, formulo en tiempo y forma **RECURSO DE REPOSICIÓN** que baso en los siguientes:

HECHOS

PRIMERO.- Que el dicente admite la realización de dichas obras en dicha finca (642, polígono 506), consistiendo las mismas en un pequeño movimiento de tierras.

SEGUNDO.- Que existe una contradicción manifiesta en la notificación que recibe en relación al acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 10 de noviembre de 2011, en el que se afirma que el dicente se halla realizando obras de desmonte para canalización en Castrocastríño. Rechaza el dicente esta información de modo completo, entendiendo que se trata de un error en el acuerdo antedicho, ya que estas obras realizadas en Castrocastríño en nada tienen que ver con el dicente, no realizándolas él ni tampoco siendo promotor de las mismas, reiterando no obstante la realización de obras en la parcela 642 del polígono 506 (se adjunta como documento nº 1, plano catastral de la misma).

DERECHO

Ley 30/92 de 26 de noviembre de las Administraciones Públicas y del Procedimiento administrativo común.


Ley 29/98 de 13 de julio reguladora de la jurisdicción contencioso administrativa.

Por lo expuesto:

A LA ADMINISTRACION SOLICITO.- Que se corrija el defecto formal y material de las notificaciones que se me han realizado, declarando únicamente la existencia de obras en la finca nº 642 del polígono 506 y asimismo que el dicente no ha realizado obras en la parcela que se dice de Castrocastríño, situada a más de medio kilómetro de la finca 642.

Por ser de justicia que pido en sillea a 8 de marzo de 2012
Carlos Rey Domínguez.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes



acorda:

Que se corrixa o erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2012 relativo a transcripción do informe da policía Local 73/12, de data 16 de febreiro de 2012, xa que en lugar de “recheo” o correcto é “rebaixe”, segundo considera a Xunta de Goberno local.

2.- Corrección de erros. Acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12. Anxo Queiruga Vila, en representación de Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12 en relación o expediente tramitado a nome de **Dº Anxo Queiruga Vila, en representación de Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, solicitando Licencia de actividade, na finca número 862, polígono 510 do plano catastral, para Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade, nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).

Advertido erro no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09-03-12 (no punto 3 do informe citado) procédese a corrección deste erros mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, ambos de data 30-03-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda correxir este erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12, resultando aprobado por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes **este acordo:**

Licencia 803/12. Visto o expediente promovido por Dº Anxo Queiruga Vila, en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), en virtude de instancia de data 21 de febreiro de 2012, rexistro de entrada nº 803 de data 21 de febreiro de 2012, solicitando Licencia de actividade para Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade, na finca número 862, polígono 510 do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas (Silleda).


Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 12 de xaneiro de 2011 **acorda:**

“A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico de data 20 de decembro de 2010 e o informe xurídico de data 11 de xaneiro de 2011, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, concédese a

Xunta de Goberno Local de 04 de Abril de 2012

Páxina 95 de 70



licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:** D^o Anxo Antón Quiruga Vila en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).
- b) **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:** Rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade.
- c) **SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS:** Finca n^o 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda).
- d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:** Autor do proxecto de execución: Arquitectos D^o Oscar Andrés Quintela, D^o Iván Andrés Quintela e D^a Lourdes Pérez Castro (visado polo colexio oficial correspondente o 15 de abril de 2009). Oficio de Dirección visado polo colexio oficial correspondente o 06 de agosto de 2008.
- e) **CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:** 865.344,09 €.

Visto que pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, (Rexistro de entrada n^o 846 de data 26 de febreiro de 2010) remítese resolución da presidenta do organismo autónomo Augas de Galicia, de data 22 de febreiro de 2010, na que se autoriza a execución das obras de rehabilitación e construción na zona de policía do río Toxa, debéndose axustar as seguintes condicións:


"Xerais:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumbres legais existentes.

3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación do organismo autónomo Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixiancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo do organismo autónomo Augas de Galicia, e serán pola conta do



beneficiario as remuneracións e os gastos que por eses conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o organismo competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, e quedará obrigado a súa indemnización e a realizar os traballos que a Administración lle ordene para a reparación dos danos, Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis. A revogación declararase por resolución motivada do organismo autónomo Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares:

1.- As obras consisten na rehabilitación das edificacións existentes na finca nº 862 do polígono 510 do Catastro de Rústica de Silleda e a súa interconexión mediante unha edificación nova de 175 m² de superficie. A actuación, emprazada na zona de policía do río Toxa e dun afluente innominado, no lugar de Ponte Medelo, estará a unha distancia mínima de 42,80 m. do dominio público hidráulico. A diferenza de altura entre a base das obras e o cauce do río Toxa será duns 4,20 metros.

A rehabilitación incluírá a substitución da estrutura interna, colocación de cubertas de tella cerámica e reparación dos pechamentos exteriores das construcións actuais. Estas

comunicaranse ,ediante unha edificación nova, de 33 m x 15 m, con planta baixa e primeira, de estrutura mixta meta'lica e madeira, pechamentos acristalados e cuberta de zinc.

A dispoñibilidade da auga para abastecemento garantirase mediante pozo solicitado neste organismo con clave DH.B36.16252, e para o saneamento instalárase unha fose séptica (solicitud de vertido presentada con data 28 de setembro de 2009).

2.- Manterase permanentemente expedita a zona de servidume de paso, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

3.- Prohibese expresamente utilizar as marxes fluviais e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteración do ecosistema asociado.

4.- De xeito especial, prohibese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.


5.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederáse a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

6.- As obras comencarán no prazo de dous (2) meses, contado a partir do día seguinte ao da recepción desta autorización. Este inicio dos traballos comunicáraselle a Augas de Galicia.

7.- As obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses a partir do seu comenzo. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

8.- Rematadas as obras, comunicáraselle ao organismo autónomo Augas de Galicia para o seu recoñecemento final."

Visto que pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo (Delegación territorial de Pontevedra), (Rexistro de entrada



nº 1869 de data 30 de abril de 2010) remítese resolución de data 21 de abril de 2010, na que se autoriza a rehabilitación e ampliación de conxunto de edificacións, coa condición de que o revestimento exterior do núcleo de formigón (que alberga aseos e ascensor) en patio, que se identifica no proxecto como VE 14, deberá realizarse con listóns de madeira de iroko en todo o seu perímetro, para conseguir a súa integración co resto da actuación e no conxunto das edificacións.

Visto que pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (departamento territorial de Pontevedra - Servizo de Urbanismo), (Rexistro de entrada nº 5327 de data 01 de decembro de 2010) remítese resolución de data 24 de novembro de 2010, na que se autoriza a rehabilitación de edificacións tradicionais para un centro de recursos para persoas con discapacidade, nunha parcela coa referencia catastral 36052C510008620000TR, sita no lugar de Medelo, parroquia de Manduas, no concello de Silleda, segundo anteprojecto e anexos redactados polos arquitectos Oscar Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, de datas 6 de agosto de 2008, 29 de xuño de 2010 e outubro 2010; coas seguintes condicións:

“1. De conformidade co disposto no artigo 42.1.e) da LOUG, farase constar no Rexistro da Propiedade e vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as seguintes limitacións ao uso e edificabilidade:

- Superficie da parcela: 11.490 m².*
- Uso autorizado: equipamento para formación de persoas con discapacidade.*
- Superficie construída total: 1.115,16 m²*
- Incremento e volumen: 38,45%*
- Distancia a lindeiros: superior a 5 m.*
- Altura máxima: inferior a 7 m.*
- Ocupación máxima: 5,74 %*

2. As características tipolóxicas, etéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno. Axustarase ás condicións edificatorias que constan na autorización da Consellería de Cultura e Turismo do 21 de abril de 2010.

3. Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se

xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 42.1.a) e e) da LOUG. Para este efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:

- O xustificante da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.
- A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo).

4. A presente autorización outorgase sen prexuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións legais."

Visto que pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, (Rexistro de entrada nº 5481 de data 15 de decembro de 2010) remítese resolución da presidenta do organismo autónomo Augas de Galicia, de data 07 de decembro de 2010, na que se recoñece o Concello de Silleda o dereito ó uso privativo do seguinte aproveitamento:


"Situación xeográfica:

Poligono núm.: 510
Parcela núm.: 862
Referencia catastral: 36052C510008620000TR
Coord. UTM: X:0558827 Y: 4732410
Lugar: Medelo
Parroquia: Manduas
Concello: Silleda
Superficie parcela: 11.490 m2

Réxime do aproveitamento:

Caudal máximo instantáneo: 0,15 litros/segundo
Caudal medio equivalente: 0,04 litros/segundo
Volume máximo anual: 1.254 m3.
Destino das augas: Uso sanitario (57 persoas)

Inscribi-lo aproveitamento citado no Rexistro de Augas do



organismo autónomo Augas de Galicia.

O aproveitamento indicado queda suxeito ás seguintes prescricións:

1.- Non se poderá utilizar máis caudal que o fixado, nin modifica-lo destino establecido. Se se desexa incrementa-lo caudal ou modifica-lo seu destino, solicitarase unha nova autorización a Augas de Galicia. Para garantir que non se superen os caudais ou volumes concedidos, é obrigatoria a instalación dun contador homologado, sendo os agostos por conta do titular do aproveitamento. A devandita instalación deberá ser efectuado no prazo de dous (2) meses dende a recepción da presente resolución, e deberá comunicalo a Augas de Galicia, para proceder á visita de recoñecemento final.

2.- A auga só poderá ser utilizada dentro do rpedio no que nace ou se alumea.

3.- Calquera cambio na titularidade do terreo que afecte ó aproveitamento ou ás características deste comunicarase a Augas de Galicia ós efectos de control, estatística e de inscricións no Rexistro de Augas.

4.- Prohibese terminantemente o vertido de augas residuais ás canles públicas sen a preceptiva autorización deste organismo autónomo.

5.- Este aproveitamento queda suxeito ó pago dun canon e taxas que poida impo-lo organismo autónomo Augas de Galicia pola utilización do dominio público hidráulico.

6.- Deberanse cumprir, en todo caso, as normas contidas na Lei de augas, e no Regulamento do dominio público hidráulico, así como as demais disposicións complementarias que sexan de aplicación, en especial as derivadas da prohibición do abuso do dereito.

7.- Esta resolución faise sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade, sen que supoña exención doutras autorizacións que sexan procedentes conforme á lexislación aplicable.

8.- O presidente do organismo autónomo Augas de Galicia poderá revogar esta resolución, sen que haxa dereito a ningunha indemnización, polo incumprimento dalgunha das súas condicións, polo abuso do dereito na utilización das augas, o desperdicio ou mal

uso delas.”

f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados anteriormente e no informe do arquitecto asesor técnico municipal, de data 20 de decembro de 2010 no que se sinala:

“- A presentación, antes do inicio das obras, do nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, asinados por técnico competente e visados polos colexios profesionais correspondentes.

- O cumprimento dos condicionantes establecidos nas resolucións dos organismos nos que se tramitaron as preceptivas autorizacións (relacionadas nos puntos 5, 6, 7 e 8 dos antecedentes deste informe técnico), así como os derivados dos trámites das mesmas.

- Prazo de execución: 3 anos.”


g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) **OUTROS:**
- Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 587/10.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00€ (Informe Técnico) e 19.470,24€ (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.”

RESULTANDO: Que con data 30 de marzo de 2012 por Juan Carlos Peteiro Rodríguez emítase informe xurídico mostrando a súa conformidade co expresado no informe do Arquitecto Asesor Técnico.


RESULTANDO: Que con data 30 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico favorable no que se sinala:



<i>Solicitante</i>	Anxo Queiruga Vila, e/r CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)
<i>Data de rexistro</i>	40959 Nº 803 Data escrito 40959
<i>Obra</i>	Actividade para Centro de Recursos para Persoas Discapacitadas
<i>Tipo de obra</i>	Actividade
<i>Emprazamento</i>	Finca número 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas
<i>Referencia Catastral</i>	36052C510008620000TR (Parcela)
<i>Autor do Proxecto</i>	Oscar Andrés Quintela, Iván Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, Arquitectos
<i>Proxecto</i>	De Actividade Visado polo Colexio Oficial 17/02/2012
<i>Dirección de Obra</i>	n/d
<i>Oficio de Dirección</i>	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)
<i>Dirección de Execución</i>	n/d
<i>Oficio Direc. Execución</i>	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)
<i>Exposición pública</i>	BOP
	DOGA
	Prensa
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	n/d

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.



1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984


1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. En data 11-agosto-2008 (registro de entrada 4.234) consta presentado no Concello solicitude de licenza de obras para a rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, situadas próximas o lugar de Meledo, parroquia de Mánzanas (Silleda); xúntase coa solicitude proxecto básico asinado polos arquitectos D. Osca Quintela, D. Iván Andrés Quintela e D^a. Lourdes Pérez Castro, e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 6-agosto-2008.





2. En data 2-febreiro-2009 a Xunta de goberno local deste Concello, acordou outorgar licenza de obras a "Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)", para a rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con discapacidade, emprazadas na finca nº 862, polígono 510 do plano catastral, próxima o lugar de Medelo, parroquia de Manduas (Silleda)

3. En data 17-marzo-2009 (registro de entrada 1.233), consta escrito remitido polo departamento de Infraestruturas da Deputación provincial, onde se especifica que as obras pretendidas atópanse fóra da zona de afección da estrada provincial.

4. En data 10-agosto-2009 (registro de entrada 3.765), consta presentado neste Concello oficio de dirección técnicas das obras a nome do arquitecto técnico D. Bernardo Iago Diéguez Morán, e visado polo Colexio oficial de apareladores e arquitectos técnicos de Pontevedra en data 23-xullo-2009.


5. En data 26-febreiro-2010 (registro de entrada 846), consta documento emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), no que se autorizan as obras de rehabilitación e construción dunha nova edificación, na zona de policía do río Toxa, no lugar de Medelo, parroquia de Manduas, no concello de Silleda, debendo cumprirse un serie de condicións.

6. En data 30-abril-2010 (registro de entrada 1.869), consta documento emitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo (delegación territorial de Pontevedra), no que resolve autorizar as obras pretendidas, con determinadas condicións de edificación.

7. En data 1-décembro-2010 (registro de entrada 5.327), consta documento emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (departamento territorial de Pontevedra, servizo de urbanismo), no que resolve conceder, cunha serie de condicións, a autorización da Comunidade Autónoma para as obras de rehabilitación e ampliación pretendidas.

8. En data 15-décembro-2010 (registro de entrada 5.481), consta resolución emitida polo Servizo Territorial Zona Galicia Sur, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), na que propón reconecer o dereito ó uso privativo dun pozo situado na parcela na que se atopan as edificacións obxecto de vivenda obxecto de rehabilitación e ampliación, así como inscribi-lo aproveitamento citado no Rexistro de Augas do organismo autónomo Augas de Galicia, e todo elo suxeito a unha serie de prescricións.

9. A Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 12 de xaneiro de 2011, adoptou, entre outros, o acordo de conceder, sobre o dereito de



propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenzia municipal de obra para "Rehabilitación e ampliación dun conxunto de edificacións para destinalas a centro de recursos para persoas con capacidade".

10. O día 21 de febreiro de 2012, R.E. 803 do mesmo día, Anxo Queiruga Vila solicita licenza de actividade para **centro de persoas con discapacidade**, acompañada da documentación obxecto deste informe técnico.

11. O día 29 de febreiro de 2012, r.e. 917, ten entrada neste Concello escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (r.s. 7886 de 27.feb.2012), autorización para un Centro de Día para persoas con discapacidade sita no lugar de Medelo, Manduas, promovida pola entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), sen prexuízo doutras autorizacións administrativas esixibles.

12. O día 29 de febreiro de 2012, r.e. 918, ten entrada neste Concello escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (r.s. 7891 de 28.feb.2012), autorización para un Centro Ocupacional sito no lugar de Medelo, Manduas, promovida pola entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), sen prexuízo doutras autorizacións administrativas esixibles.

INFORME TÉCNICO:

13. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

14. O uso solicitado conta con Autorización Autonómica, relacionada no punto 7 dos antecedentes deste informe.

15. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no **Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental**, puntos "4.3. Residencias de anciáns, centros de día e escolas infantís" e "4.4. Centros e academias de ensino, agás salas de baile, música e canto", e polo que, a xuízo do técnico que subscribe, enténdese excluída do procedemento de avaliación ambiental.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licenzia provisional de actividade.

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenzia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe transcrito, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzo a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia.


3.- Corrección de erros. Acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12. Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12 en relación o expediente tramitado a nome de **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, solicitando Licenzia de obra maior para acondicionamento exterior do entorno das edificacións do Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade en Medelo.

Advertido erro no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09-03-12 (no punto 3 do informe citado) procédese a corrección deste erro mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, ambos de data 30-03-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda corrixir este erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 09-03-12, resultando aprobado por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes **este acordo:**


1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia de obra que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).
- FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Acondicionamento exterior do entorno das edificacións do Centro de Recursos para Persoas con discapacidade en Medelo.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Finca número 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Arrokae Arquitectos, Oscar Andrés Quintela, Iván Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro,



- e) Arquitectos.
CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 79.831,93 €
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 09 de marzo de 2012:


<i>Solicitante</i>	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)
<i>Data de rexistro</i>	40939 Nº 465 Data escrito 40939
<i>Obra</i>	Acondicionamento exterior do entorno das edificacións do Centro de Recursos para Persoas con discapacidade en Medelo
<i>Tipo de obra</i>	Maior
<i>Emprazamento</i>	Finca número 862, polígono 510, do plano catastral, situadas nas proximidades do lugar de Medelo, Manduas
<i>Referencia Catastral</i>	36052C510008620000TR (Parcela)
<i>Autor do Proxecto</i>	Arrokabe Arquitectos. Oscar Andrés Quintela, Iván Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, Arquitectos
<i>Proxecto</i>	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial nº 1201059,1 o día 31/01/2012
<i>Dirección de Obra</i>	Oscar Andrés Quintela, Iván Andrés Quintela e Lourdes Pérez Castro, Arquitectos
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo Colexio Oficial nº 1201059,2 o día 31/01/2012
<i>Dirección de Execución</i>	n/d
<i>Oficio Direc. Execución</i>	Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)
<i>Exposición pública</i>	BOP
	DOGA
	Prensa
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	79.831,93 €



NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
 - 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
 - 1.15.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
 - 1.15.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
 - 1.15.11 *E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.15.12 *E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.15.13 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.16 *Concordantes*

ANTECEDENTES:



1. En data 1 de febreiro de 2012, rexistro de entrada 465, Confederación Galega de Minusválidos (Cogami) presenta neste Concello Proxecto de acondicionamento exterior do entorno das edificacións do centro de recursos para persoas con discapacidade en Medelo, Silleda. O proxecto trata das obras de pavimentación e axardinamento do edificio que obtivo licenza municipal de obra o 12 de xaneiro de 2011.

INFORME TÉCNICO:

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

3. O uso solicitado non preciso de autorización autonómica, segundo os artigos 33.1.d e 36 da LOUGA.

4. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no **Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental**, puntos "4.8. Garaxes para estacionamento de vehículos agás os comerciais de uso público", e polo que, a xuízo do técnico que subscribe, enténdese excluída do procedemento de avaliación ambiental.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra."

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 465/12.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que

ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 1.796,22 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.- **Escrito de Explotación Minera de Campomarzo de data 3 de abril de 2012, Rexistro de Entrada nº 1721 de 03 de abril de 2012.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito presentado por Miguel Angel Fernández Taboada, en representación de Explotación Minera de Campomarzo, de data 3 de abril de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 1721 de data 03 de abril de 2012 que literalmente di:

“PRIMERO.- *Que la mercantil EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, S.A., es titular de la concesión de un vertedero de residuos inertes sito en el Lugar de Campomarzo.*

SEGUNDO.- *Que la mercantil EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, S.A. está elaborando un proyecto de adecuación y mejora de las instalaciones del vertedero.*

TERCERO.- *Que dicho proyecto exige la suspensión temporal del servicio de recogida de residuos en el vertedero del que es concesionaria EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, S.A., sin perjuicio de que con carácter excepcional se pueda llevar a cabo la recogida de residuos previa comunicación a la Consellería de Medio Ambiente.*


CUARTA.- *Esta suspensión durará el tiempo estrictamente preciso y necesario para llevar a cabo los trabajos previstos en el proyecto, comprometiéndose la mercantil a la que represento a comunicar a este Concello la fecha de reanudación del servicio con un periodo mínimo preaviso de 45 días.*

Por todo lo expuesto,

SOLICITO DE ESTE CONCELLO.- *Que por presentado este escrito que sirva admitirlo y en virtud del mismo tenga por realizadas las anteriores manifestaciones a los efectos legales oportunos.”*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

5.- **Licencia de primeira ocupación solicitada por Manuel Cayetano Domínguez para edificio de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión d'outra**



estrela, plantas segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros a situar na rúa Ramón de Valenzuela (antiguamente Iryda), nº 43 de Bandeira (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por maioría simple dos presentes** (votos a favor: catro (4) catro concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE; abstencións: unha (1) un concelleiro do grupo mixto (Matías Rodríguez) **acorda:**


Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de agosto de 2008
acorda:

“4.2.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico de D. José Luis Rodríguez González, de data 5 de agosto de 2.008, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) *NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: D. MANUEL CAYETANO DOMÍNGUEZ, con domicilio en Rúa Xeral 49 de Bandeira, (Silleda).*
- b) *FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construcción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión dunha estrela, plantas segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros.*
- c) *SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Iryda nº 43, , Bandeira (Silleda)*
- d) *TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Proxecto básico asinado polo arquitecto Antonio R. Albacete Giménez, e visado polo Colexio Oficial en data 22 de febreiro de 2.008*
- e) *CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 693.530,05 euros (Execución Material)*
- f) *CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 5 de agosto de 2008, no que se sinala:*

*“Tendo en conta todo o especificado anteriormente **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a concesión da correspondente licenzia municipal para a construción do edificio, CONDICIONADO ó cumprimento do*



establecido no artigo 210.4 do PXOM "Paramentos ó descuberto" e á presentación da seguinte documentación antes do inicio das obras:

1º- Á presentación do Proxecto de Execución (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

2º- Á presentación do Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

3º- Á presentación do Estudio de Seguridade e Saúde (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

4º- Á presentación do oficio de Dirección Técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).


5º- Á presentación da autorización do Servizo Provincial de Estradas da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

6º- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais, así como aval bancario polo importe de 3.000,00 euros.

A non presentación da documentación solicitada entenderase informe desfavorable de cara á concesión da licenza de obra "

- PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.*

Por tratarse dunha licenza condicionada, non poderán darse comenzo ás obras en tanto non sexan cumpridas as condicións indicadas no apartado f) deste acordo, sendo indispensable a presentación da documentación esixida e a súa posterior verificación por esta Administración, a efectos de poder autorizar o inicio das obras, prazos de execución e calesquera outros efectos legais.



h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1852/08

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións, que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.”

Visto o escrito presentado por Don Manuel Cayetano Domínguez, de data 22 de decembro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 5572, de data 22 de decembro de 2012, solicitando licencia de primeira ocupación para edificio de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión dunha estrela, plantas segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros a situar na rúa Ramón de Valenzuela (antiguamente Iryda), nº 43 de Bandeira (Silleda).

Visto que pola Alcaldía dase conta do informe técnico, de data 04 de abril de 2012, polo Arquitecto Martín Pereiras Corzón (Nº de Colexiado 4236) como asesor técnico do Concello, a petición e por encargo da alcaldía, que considera favorable e que literalmente dí:

“


<i>Solicitante</i>	<i>Manuel Cayetano Domínguez</i>
<i>Data de rexistro</i>	<i>22/12/2011 Nº 5572 Data escrito 22/12/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Edificio de planta soto para garaj, planta baja para locais comerciais, planta 1ª para pensión de una estrela, plantas 2ª, 3ª y 4ª para 6 vivendas y planta bajo cubierta para trasteros-tendederos</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Ramón de Valenzuela (antiguamente Iryda), nº 43, Bandeira</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>7214006NH5371S0001QT</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Antonio Albacete Giménez</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Antonio Albacete Giménez. Arquitecto</i>

Páxina 54 de 70

Oficio de Dirección	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>
Dirección de Execución	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico</i>
Oficio Direc. Execución	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
 - 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
 - 1.15.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
 - 1.15.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.15.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*



1.15.11 E.D. Rúa Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ASUNTO: Solicitude de Licenza de Primeira Ocupación interesada por D. Manuel Cayetano Domínguez, segundo escrito de data 22 de Diciembre de 2011, Rexistro de Entrada N° 5572 de 22/12/2011, para o edificio de Edificio de planta sótano para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta 1ª para pensión de unha estrela, plantas 2ª, 3ª e 4ª para 6 vivendas e planta baixo cuberta para rochos- tendedeiros sito na Rúa Ramón de Valenzuela (antigamente Iryda) n° 43, Bandeira.

Emítase o presente informe en base ao artigo 195.2 e 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións, do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia; e en base ao requirido verbalmente e con carácter urxente polo Concelleiro de Urbanismo deste Concello.

INFÓRMASE;

1 Autor do Informe:

Martín PereirasCorzón; Arquitecto Colexiado número 4236.


2 Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local acordou en sesión de data 19 de agosto de 2008, conceder a licenza urbanística da obra arriba indicada, en base ao Proxecto básico e de execución para a construción de Edificio de planta sótano para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta 1ª para pensión de unha estrela, plantas 2ª, 3ª e 4ª para 6 vivendas e planta baixo cuberta para rochos- tendedeiros sito na Rúa Ramón de Valenzuela (antigamente Iryda) n° 43, Bandeira, redactado polo arquitecto Antonio Albacete Giménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 22 de febreiro de 2008, 30 de xullo de 2008. Incorpórase posteriormente documentación sen visar, da que non consta escrito nin rexistro de entrada.

Constan no expediente relativo á concesión da licenza de obra da edificación arriba indicada, entre outra documentación, o informe técnico. Non consta o informe xurídico.

Sen prexuízo da falta de indicación expresa dos planos definitivos polos que se concede a licenza indicada, constan no expediente os seguintes planos:

nº	nome	visado	
1	situación y emplazamiento	22.2.2008	30/7.2008





2	<i>mobiliario planta sótano</i>	22.2.2008		
3	<i>mobiliario planta baja</i>	22.2.2008		
4	<i>mobiliario planta primeira y planta tipo (2ª y 3ª)</i>	22.2.2008	30.7.2008	Sen visar
5	<i>mobiliario planta tipo 4ª y planta baixo cubierta</i>	22.2.2008	30.7.2008	Sen visar
6	<i>planta de cubierta y memoria de carpintería</i>	22.2.2008		
7	<i>alzado a calle iryda</i>	22.2.2008		
8	<i>alzado posterior</i>	22.2.2008	30.7.2008	Sen visar
9	<i>sección a-a y alzado a patio (desarrollo)</i>	22.2.2008		
10	<i>sección b-b</i>	22.2.2008		
11	<i>mediciones planta sótano</i>	22.2.2008		
12	<i>mediciones planta baja</i>	22.2.2008		
13	<i>mediciones planta primeira y plantas tipo (2ª y 3ª)</i>	22.2.2008	30.7.2008	Sen visar
14	<i>mediciones planta tipo 4ª y planta baixo cubierta</i>	22.2.2008	30.7.2008	Sen visar
15	<i>cte-si planta sótano</i>	22.2.2008		
16	<i>cte-si planta baja</i>	22.2.2008		
17	<i>cte-si planta primeira y plantas tipo (2ª y 3ª)</i>	22.2.2008		
18	<i>cte-si planta tipo 4ª y planta baixo cubierta</i>	22.2.2008		

unto co escrito de data 22 de decembro de 2011, Rexistro de Entrada N° 5572, polo que se solicita licenza de 1ª ocupación, foi aportada a seguinte documentación:

CERTIFICADO FINAL DE OBRA


Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez e arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez) en data 28 de novembro de 2011 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-decembro-2011.

CERTIFICADO FINAL DE OBRA de Instalación de garaxe privado en edificio de vivendas

Asinado por Manuel Garda Álvarez, enxeñeiro técnico industrial col. 1097. Sen visar.

ACTA DEREPLANTEO E DE COMEZO DE OBRA

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez e arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez), constructor Dacosta Mendoza S.L. e o promotor, Cayetano Vieitez S.L. en data 1 de setembro de 2011 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19 de decembro de 2011.



Galicia en data 19-decembro-2011.

LIQUIDACIÓN FINAL DE OBRA EXECUTADA:

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez e arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez) en data 28 de novembro de 2011 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-decembro-2011; por un importe de 684.967,55 Euros.

ACTA DE RECEPCIÓN DE EDIFICIO TERMINADO:

Asinado por Manuel Cayetano Domínguez en representación de CAYETANO VIÉITEZ S.L. como promotor; Gonzalo Mendoza Espiño, en representación de DACOSTA MENDOZA S.L. como constructor do edificio; polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez e arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez); sen asinar polo representante da O.C.T. María Josefa Álvarez Martínez. Datado en Silleda a 16 de xuño de 2011 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-decembro-2011.

BOLETINS-CERTIFICADOS ASINADOS POLOS INSTALADORES DE:

Boletín de instalación de telecomunicacións realizado por MICROWAT, S.L., empresa instaladora de telecomunicacións nº 10.221, asinado o 12 de maio de 2011.

Protocolo de medicións e verificación de situación da infraestrutura común de telecomunicacións, PO-11-00012ICT. Asinado por MICROWAT, S.L. O 12 de maio de 2011.

*En data 4 de decembro de 2009, R.E.5872, foi aportada a seguinte documentación:
Certificado de cumprimento de cumprimento da Lei 7/1997 de Protección contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento .*

3 Consideracións técnicas:

Ao abeiro do artigo 195.6: "Para outorga-la licenzia de primeira ocupación de edificacións esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenzia outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais."

Por outra parte, segundo o artigo 5 da Lei 7/97, de Protección de contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento: A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas neste título. Tal cumprimento poderá acreditarse mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas. Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licenzia de primeira utilización.

a) Documentación aportada

Consta no expediente o certificado final de obra parcial subscrito polos técnicos

directores da mesma, documento aportado en data 6 de Agosto de 2009, visado polo C.O.A.G. en data 9 de Xullo de 2009, polo tanto, a edificación obxecto deste informe estaría rematada.

b) Proxecto técnico obxecto da licenza urbanística de construción de data 19/08/2008:

Á vista do exposto no apartado anterior, o técnico que suscribe estima que podería otorgarse a licencia de 1º ocupación do edificio, basándose no certificado final de obra suscrito polos técnicos da mesma e unha vez realizada e contrastada a visita de comprobación.

4 Visita de comprobación:

En base a visita de comprobación realizada o martes 20 de Marzo de 2012, constatouse que a presente obra axustase a documentación presentada polos técnicos, como se pode observar no reportaxe fotográfica presentada como anexo a este informe.

5 Conclusións:

En Silleda, a 4 de abril de 2012."

De conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Conceder a licenza de primeira ocupación do edificio sito na Rúa Ramón de Valenzuela (antiga Iryda), nº 43 de Bandeira, que consta de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, planta primeira para pensión dunha estrela, plantas segunda, terceira e cuarta para 6 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, a favor de Manuel Cayetano Domínguez, titular da licenza de obras n.º 1852/08 concedida a Manuel Cayetano Domínguez por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de agosto de 2.008

SEGUNDO. Que por intervención se proceda a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais.


TERCEIRO. Notificar a presente resolución ó interesado.

6.- Programas de Cooperación con Entidades Locais para o ano 2012.

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do expediente de solicitude de subvención, confeccionado segundo a Orde do 29 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2012.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes** **acorda** presentar ante a Consellería de Traballo e Benestar a seguinte solicitude de subvención e aprobar os seguintes obras/servizos (Equipo):

PROGRAMA DE EMPREGO - EXERCICIO 2012		
Denominación Obra/Servizo	Organismo	Composición
	Duración	
<i>Obra/Servizo</i> Xestión Turística de Silleda	Xefatura T. de Traballo	1 Técnico en Turismo
	6 meses / T.C.	
<i>Obra/Servizo</i> Conservación e Mellora de Infraestruturas	Xef. Traballo	2 albaneis, 1 carpinteiro, 1 encargado, 4 peóns limo
	12 meses / T.P. 75%	
<i>Obra/Servizo</i> Monitor Multidisciplinar	Xef. Traballo	1 monitor socio cultural
	12 meses / T.P. 75%	
<i>Obra/Servizo</i> GRUMIR	Xef. Traballo	3 capataces / 9 especialistas (peóns especialistas)
	9 meses / T.C.	
<i>Obra/Servizo</i> Desenvolvemento Deportivo	Xef. Traballo	3 socorristas
	3 meses / T.C.	
<i>Obra/Servizo</i> Axuda a Domicilio	Xef. Traballo	1 auxiliar de axuda
	12 meses / T.P. 75%	



Obra/Servizo Aforro Enerxético (Convenio Vila de Cruces)	Xefatura T. Traballo	1 electricista
	12 meses / T.P. 75%	

Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada Obra ou Servizo.

7.- Proposta da Alcaldía sobre Convenio de Colaboración para Aforro Enerxético entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda.

Vista a proposta da Alcaldía de “Convenio de Colaboración para Aforro Enerxético entre os concellos de Vila de Cruces e Silleda”, sen asinar (Programas de Cooperación 2012 da Consellería de Traballo e Benestar, Orde 29.02.12), conxuntamente solicitado polos dous concellos, que literalmente dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA AFORRO ENÉRXETICO ENTRE OS CONCELLOS DE VILA DE CRUCES E SILLEDA

En Silleda, (Pontevedra) a -----de ----- de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte: Dna Paula Fernández Pena
Doutra parte: D. Jesus Otero Varela

INTERVEÑEN

Dna. Paula Fernández Pena en nome e representación, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda con CIF P3605200I e domicilio na rúa do Trasdeza, nº 55, Silleda, 36540 Pontevedra.

D. Jesús Otero Varela en nome e representación, como Alcalde-presidente do Concello de Vila de Cruces con CIF P3605900 D e domicilio na Praza de Juan Carlos I, 36590 Vila de Cruces.

As partes, segundo interveñen recoñécense recíprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto ,

EXPOÑEN

Que sendo conscientes da especial sensibilidade que existe na cidadanía sobre o uso racional das enerxías e da importancia que isto ten para a conservación do medio ambiente, as distintas administracións públicas están actuando neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas sobre aforro e eficiencia enerxética que se desenvolven na actualidade.

Os concellos de Silleda e Vila de Cruces queren dar un impulso aos programas de mellora do aforro e da eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía, e en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos, contribuíndo ao consecuente aforro económico que isto supón para ambas administracións dada a actual situación económica.

En particular entre as accións que se van a emprender nesta liña hai que destacar:


- Colocación de luminarias de menor consumo e máis rendemento.*
- Colocación de contadores con discriminación horaria.*
- Instalación de paneis solares térmicos en edificios de gran consumo de agua sanitaria.*
- Apagado de farolas en lugares superfluos.*

Para levar a cabo estas actuacións é necesario que cada un dos concellos contrate un electricista segundo as seguintes características:

- Tipo de Contrato: Obra/ Servizo*
- Xornada: 75%*
- Duración: 12 meses.*
- Os convenios aplicables serán o Convenio de Persoal Laboral no caso de Silleda e o Convenio colectivo provincial de industrias do metal (BOP do 14 de abril de 2010) no caso de Vila de Cruces.*

Para levar a cabo este programa, cada un dos concellos solicitará unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 29 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o ano 2012.

A subvención solicitarase segundo o establecido no Artigo 2.5 da citada Orde que establece que cando dous ou máis concellos acorden solicitar obras ou servizos de forma coordinada, a axuda mínima equivalente ás contratacións que lle corresponda a cada un en función do seu número de habitantes verase incrementada cunha



contratación adicional. Neste caso as obras ou servizos que se concedan a cada concello, que teñan que ver cos servizos mancomunados, terán un ámbito territorial de actuación que comprenderá e beneficiará ós habitantes e ós termos municipais dos concellos coordinados.

O Artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso unha serie de servizos entre os que se atopa o alumeadado público e no artigo 25 LBRL recóllense as competencias dos Concellos entre as que se atopa o alumeadado público.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación, de maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Tanto a LBRL como a LALGA e a lei 30/ 1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA:

Os Concellos de Silleda e Vila de Cruces, obríganse á realización das seguintes actividades:

- Colocación de luminarias de menor consumo e máis rendemento.*
- Colocación de contadores con discriminación horaria.*
- Instalación de paneis solares térmicos en edificios de gran consumo de agua sanitaria.*
- Apagado de farolas en lugares superfluos.*

SEGUNDA:

Estes traballos realizaranse de forma continua ao longo do tempo de vixencia do presente convenio, obrigándose ámbolos dous concellos a adoptar tódalas medidas oportunas para o seu cumprimento, segundo a lexislación vixente.

TERCEIRA:

O persoal estará formado por un equipo de 2 traballadores. Cada un dos concellos contratará un electricista segundo as seguintes características:

- *Tipo de Contrato: Obra/ Servizo*
- *Categoría: Oficial*
- *Xornada: 75%*
- *Duración: 12 meses.*
- *Os convenios aplicables serán o Convenio de Persoal Laboral no caso de Silleda e o Convenio colectivo provincial de industrias do metal (BOP do 14 de abril de 2010) no caso de Vila de Cruces.*

Cada traballador contratado terá relación laboral unicamente co Concello que realizou a súa contratación.

CUARTA:

As contratacións efectuaranse segundo o disposto na Orde do 29 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

QUINTA:

Para levar a cabo este programa cada un dos concellos solicitará unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 29 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

SEXTA:


Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva no mes seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Os Concellos comunicarán á Comisión mixta os medios materiais e persoais que destinan para a xestión compartida deste servizo .

As súas principais funcións serán:



- *O seguemento da xestión do servizo.*
- *A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.*
- *A elaboración das súas normas internas de xestión.*
- *A interpretación do convenio.*
- *A proposta, no seu caso, de addendas.*
- *Intervención previa á resolución por incumprimento.*
- *Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.*
- *Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.*

Os Plenos dos Concellos deberán proceder a aprobar o catálogo de condicións de prestación do servizo que propoña a Comisión Mixta.

SÉTIMA:

Os Concellos de Silleda e Vila de Cruces deberán proporcionar ós traballadores os medios materiais e roupa de traballo necesarios para a realización dos correspondentes servizos.

OITAVA: Financiamento.-

Cada concello percibirá da Consellería de Traballo e Benestar unha subvención equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais do traballador contratado, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo os convénios colectivos de aplicación:

- *No caso do Concello de Silleda: Convenio de persoal laboral.*
- *No caso do Concello de Vila de Cruces: Convenio colectivo provincial de industrias do metal (BOP do 14 de abril de 2010)*

Cada un dos Concellos comprométese a asumir todos os gastos derivados da relación laboral co seu respectivo traballador, así como a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. A Comisión Mixta establecerá as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada Concello.

Cada concello asumirá os gastos de materiais e equipamento que se instalen no seu ámbito territorial.

NOVENA :

O presente convenio entrará en vigor o día data de inicio dos traballos polo persoal contratado.

DÉCIMA.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.*
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia*

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMO PRIMEIRA - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

DÉCIMO TERCEIRA .- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.


En proba de conformidade e previa a súa lectura, ámbalas dúas partes firman o presente convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello de Silleda

Polo Concello de Vila de Cruces.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda** prestar aprobación á proposta da Alcaldía do Convenio de colaboración para Aforo Enerxético entre os concellos de Vila de Cruces e Silleda (sen asinar).

8.- Informes do Fontanero Municipal e inspector de augas sobre o



Bombeo de Augas Residuais en Toiriz.

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández indícase que, por acordo desta Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado día 01 de marzo de 2012 acordouse:

“4.- Informe sobre o bombeo de augas residuais en Silleda (Toiriz, Silleda).

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do informe emitido polo Oficial fontanero e inspector de augas do Concello de Silleda, Ismael Blanco Couto, de data 01 de marzo de 2012, no que se sinala:

“BOMBEO AUGAS RESIDUAIS DE SILLEDA (TOIRIZ, SILLEDA).

Presentado na reseña do lugar pode comprobar, ao levantar as tapas das arquetas e do propio bombeo, que non existe rexilla de desvaste, quedando de esta só as guías. Ao faltar a rexilla pasan directamente ao pozo de bombeo produtos tales como: papel, plásticos, compresas, graxas e todo o grueso que chega polo tubo do alcantarillado.

Cando chove de xeito notable mézclanse as augas residuais coas augas pluviais, aumentando o cadudal de tal xeito que as bombas non dan bombeado toda a auga. Como consecuencia disto, sale polo aliviadeiro, arrastrando todo o material grueso. Este aliviadeiro está confeccionado con tubo de hormigón de 300 e desemboca nun Regueiro. Nestes momentos o tubo atópase roto na parte de arriba dunha finca con pendente, salindo todo o lixo que leva polo buraco do tubo, cruzando a finca e chegando ao regueiro.

Nas fotos que se aportan pódese apreciar tamén a suciedade que existe ao redor e por encima do pozo de bombeo, produto de algunha limpeza efectuada pola empresa Espina & Delfín. O citado pozo atópase preto do camiño do Castro de Toiriz, por onde pasan visitantes e turistas, dando esta situación unha mala imaxe, amén da contaminación que isto xenera.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda: dar traslado deste informe á empresa Espina & Delfín S.L. para subsanar, no prazo de 15 días tódalas deficiencias indicadas no informe transcrito do Fontanero Municipal, así como a limpeza e danos ocasionados. Asimemso darase traslado ós servizos xurídicos do Concello para que emitan informe sobre todo o que considere oportuno.”

Asimesmo indica o Concelleiro Manuel Cuiña Fernández que, con data 28 de marzo de 2012, polo Fontanero Municipal e inspector de augas, Ismael Blanco Couto, emítese novo informe, no que sinala:

“BOMBEO AUGAS RESIDUAIS DE SILLEDA (TOIRIZ, SILLEDA)

Revisado con data 27 de marzo de 2012 se pode observar que non se realizou obra algunha, atopándose dito bombeo tal e como se informe con data 1 de marzo de 2012.”

sendo estas obras obrigatorias por parte do contratista Espina & Delfín S.L.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes** acorda dar traslado deste expediente ós servizos xurídicos para seu estudo, considerando estas obras obrigatorias por parte do contratista Espina & Delfín S.L. e que non se levaron a cabo segundo o informe citado.

9.- Informe sobre Sumidoiros Urbáns de Silleda e Bandeira.

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do informe emitido polo Oficial fontanero e inspector de augas do Concello de Silleda, Ismael Blanco Couto, de data 28 de marzo de 2012, no que se sinala:

“SUMIDOIROS NÚCLEOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA.

As vilas de Bandeira e Silleda contan cunha rede de sumidoiros para drenar as augas residuais e axudar a drenar as augas pluviais.

Actualmente algunhas das alcantarillas polas que se drenan as augas pluviais presentan un aspecto deplorable, poñendo en evidencia a falta de mantemento das mesmas.

Relación das rúas donde se atopan alcantarillas en mal estado e/ou que precisan de limpeza, e fotografías correspondentes (que se adxuntan):

RÚA	VILA	FOTOGRAFÍAS
Avda. do Parque	Silleda	43, 49, 55, 41, 57, 53, 38, 45
Carretera de Forcarei	Silleda	51, 59, 63, 57, 61, 67, 69, 71

<i>Rúa Chousa Nova</i>	<i>Silleda</i>	<i>69</i>
<i>Rúa Tras das Eiras</i>	<i>Silleda</i>	<i>74, 76, 73, 75</i>
<i>Rúa Sta. Olaia</i>	<i>Silleda</i>	<i>80, 81</i>
<i>Rúa Castrelo</i>	<i>Silleda</i>	<i>82, 83, 85, 84</i>
<i>Barrio de Campo</i>	<i>Silleda</i>	<i>87, 88</i>
<i>Rúa Trasdeza</i>	<i>Silleda</i>	<i>89, 90, 91, 92</i>
<i>Rúa Alfonso Trabazo</i>	<i>Silleda</i>	<i>93, 94, 95, 96</i>
<i>Rúa Empanada</i>	<i>Bandeira</i>	<i>97, 98, 99, 100, 101, 102</i>
<i>Rúa Xeral</i>	<i>Bandeira</i>	<i>103, 104, 105, 106, 107, 108, 111</i>
<i>Rúa Camilo José Cela</i>	<i>Bandeira</i>	<i>112, 113, 114, 115</i>
<i>Rúa Ramón de Valenzuela</i>	<i>Bandeira</i>	<i>116, 117, 118, 119, 120, 121, 122, 123</i>
<i>Deporte</i>	<i>Bandeira</i>	<i>124, 125, 126, 127</i>
<i>Rúa do Parque</i>	<i>Bandeira</i>	<i>128, 129, 130, 131, 132, 141, 142</i>
<i>Renque da Froita</i>	<i>Bandeira</i>	<i>133, 134</i>
<i>Renque do Peixe</i>	<i>Bandeira</i>	<i>137, 138</i>
<i>Rúa da Feira</i>	<i>Bandeira</i>	<i>135, 136</i>
<i>Travesía Vista Alegre</i>	<i>Bandeira</i>	<i>139, 140</i>
<i>Rúa Fernando Penoucos</i>	<i>Bandeira</i>	<i>143, 144, 145, 146</i>
<i>Rúa Esmorga</i>	<i>Bandeira</i>	<i>147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 154</i>
<i>Rúa Ulleiro</i>	<i>Bandeira</i>	<i>154, 155, 156</i>

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** conceder a Espina & Delfin S.L. un prazo de 15 días para ter o alcantarillado en condicións correctas, según informe do fontanero municipal e o contrato, así como dar traslado do expediente ós servizos xurídicos para que informen do que


corresponde.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 04 de abril de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada